

## ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 20 – 24

### LUNS/MARTES

#### CANCIÓN

Vamos comezar este día cantando e bailando a canción de “A PRIMAVERA” de Mamá Cabra:

<https://www.youtube.com/watch?v=MULHfNXPOC8>

Despois de cantar e bailar a canción podemos facer algunha das seguintes **ACTIVIDADES**:

- **Escribimos e repasamos** as letras de **PRIMAVERA**. Tras repasar as letras identificamos cales son as vogais e calen son as consoantes, identificar as letras da palabra primavera, se o noso nome, o de algún compañeiro/a do colegio, o de algún familiar... ten alguna das letras.

Despois podemos decoralas con distintos elementos como follas, flores, lentellas, arroz, pasta, pintura...



- Con axuda das familias vamos facer unha **lista de palabras** relacionadas coa primavera e o que acontece nesta época do ano.
  - Os días son máis longos
  - Vai máis calor
  - Flores...
- Facer un **debuxo sobre a primavera** utilizando calquer tipo de material.



- **Lóxica-matemática.** Vamos a dibuxar flores, pero con unha indicación previa. Unha flor con 1 pétalo, outra con 2, outra con 3, así ata chegar ó número 6. Despois as ordenamos de maior a menor número de pétalos. A continuación, collemos dúas flores e lle preguntamos, ¿cal ten máis pétalos? ¿Cal ten menos pétalos?

## MÉRCORES

- **Plantamos unha semilla**
  - Primeiro vemos o conto: **Había unha vez unha semilla:**  
<https://www.youtube.com/watch?v=C4jK5W0mXUY>  
Despois de velo conto podemos comentalo cos nenos/as facéndolle preguntas sobre o mesmo.
  - A continuación, os rapaces tamén van a plantar, pero nós non imos a utilizar unha maceta, como os xardineiros, nin imos plantar en terra, senon que imos utilizar a cáscara de ovo.

**Necesitamos:** Cascara de ovo, lentellas e algodón.

**Comezamos:**

- O primeiro será preparar as cáscaras de ovo. Para romper os ovos debemos facelo na punta e despois lavalos.
- Con moito coudado, podemos decorar os ovos.
- A continuación, poñemos un trozo de algodón dentro do ovo, humedecémolo e colocamos enriba as lentellas (dúas ou tres).

- Despois o colocamos nun lugar cálido e soleado (por exemplo, ao lado dunha ventá).
- Cada día vamos o noso ovo e manteremos o algodón sempre húmido (pero non empapado).
- Nunha semana aproximadamente comezaremos a ver crecer as nosas plantiñas.
- Podemos ir sacándolle fotos para ver como van crescendo.

Podemos utilizar en vez de cáscara de ovo un bote que teñamos por casa.



## XOVES

### “O MEU CONTO FAVORITO”

A proposta para hoxe está relacionada coa celebración do Día mundial do libro e do dereito de autor (23 de abril). Para celebralo imos realizar unha serie de actividades para dende as nosas casas.

Hoxe traballaremos e desfrutaremos do noso conto favorito, e para iso temos que escoller cal é o noso conto favorito. Seguro que xa o sabemos de memoria e, por iso, imos traballar con el para celebrar este día.

As **actividades** son as seguintes:

- Lemos coa nosa nai, pai ou irmá o conto.
- Como xa o sabemos, poden ser os nenos/as os que lean o libro ao resto da familia.
- Unha vez leído falamos das partes do conto:
  - Onde está a portada?
  - De que cor é a portada?
  - Cal é o título do conto?
  - Cantas letras ten o título?
  - Ten algunha letra que teña o noso nome?
  - Como se chama a personaxe?
  - Que lle pasa a personaxe do conto?

- E todas aquelas preguntas e diálogo que podan xurdir.
- Para os **nenos de 4 e 5 anos** podemos propor esta outra actividades **“que pasaría se...”**:
  - Que pasaría se ti foras o protagonista, farías algo diferente no conto?
  - Que pasaría se foras o escritor do conto, cambiarías algo?
  - Que pasaría se non puidese ser así o final do conto, cal sería o final novo?
  - E aquelas propostas que xurdan durante o diálogo...
- Tamén podemos ver outros contos que lle gusten moito. Incluso se non tendes na casa eses contos, pódense buscar en Youtube, como por exemplo “Cocorico” ou “O monstro de cores”. Para estes días o Monstruo de cores e un bo conto para explicarlles aos nenos/as que está pasando para estar na casa e sobre todo, para que nos conten como se senten. Se vedes os videos cos vosos fillos/as, podemos comentar sobre o que pasa no conto, como se chaman as personaxes...


**Conto Cocorico:** <https://www.youtube.com/watch?v=JR7aUn4mJCQ&t=54s>

**Canción Cocorico:** <https://www.youtube.com/watch?v=VtyHS-t-laM>

**Conto Monstruo de cores:** <https://www.youtube.com/watch?v=S-PTa20NNrI>

**Conto Monstruo de cores (Coronavirus):** <https://www.youtube.com/watch?v=QAfHbKD3Dkg>

- Outra actividade sería facer **marionetas** de dedos dos personaxes do noso conto favorito. Podemos deixar que debuxen eles os personaxos ou debuxalos nós e que os decoren. Logo axudarlles a recortalos e facer uns ocos debaixo para meter os dedos e poder xogar coas marionetas. Tamén podemos facer as marionetas con rolos de papel hixiénico.



## VENRES

### ➤ **Expresión corporal e musical:**

- Escoitamos a canción da “primavera” de Vivaldi e de seguido ao ritmo da música, dramatizamos o nacemento dunha flor, desde que está escondida ata que se estira totalmente para que lle dea a luz do sol. Tamén podemos voar coma os paxaros, reptar coma as miñocas e todo o que se nos ocorra dos seres vivos que podemos atopar na primavera.
- **Lanza bolos:** Podemos utilizar botellas de plástico, pintalas, decoralas con insectos e xogar a tiralos coas pelotas. Cada insecto ten un número diferente de puntos. Xoga a tirálos e a ver cantos puntos consegues.
- **loga para nenos:** <https://www.youtube.com/watch?v=SP5p1gLUOHI&t=61s>

Poño o meu correo electrónico a vosa disposición por se tendes algunha dúbida ou precisades algo. Tamén podedes mandarme fotos das tarefas que fagan os nenos/as e eu irei publicándoas no blog para que as poidan ver tanto os propios nenos/as como os seus compañeiros/as.

Correo electrónico: [albabesada@edu.xunta.gal](mailto:albabesada@edu.xunta.gal)

Relixión: A mestra Teresa invítavos a visitar o seu blog. Alí ten varias actividades que podedes facer:

<http://quentenunamigotenuntesouro.blogspot.com/>

**Mándovos a todos/as un abrazo moi grande.**